

## **ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20 DE ABRIL DE DE 2012.**

- 1.- Acta da sesión extraordinaria e urxente do 4 de abril de 2012.

### ADMINISTRACIÓN DE TRIBUTOS

- 2.- Dar conta da resolución da concelleira de Economía e Facenda, do 22.03.12, pola que se aproba o Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2012. Expte. 41058/511/12.

### BENESTAR SOCIAL

- 3.- Prestación do Servizo de Axuda no Fogar: alta exptes. 23/795,
- 4.- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións destinadas á utilización de bono-taxi, medio alternativo de transporte adaptado para persoas con discapacidade, e proxecto de convenio cunha entidade bancaria para a xestión das axudas. Expte. 7146/301.
- 5.- Proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Plan Comunitario de Teis para un proxecto de intervención psicopedagóxica, lúdica e social. Expte. 70956/301.
- 6.- Indemnización substitutiva por importe de 5.399,67 € a favor de "Atención Social en Emergencias Grupo 5. S.L.U." polo servizo de redución de dano en medio aberto. Expte. 72317/301.
- 7.- Indemnización substitutiva por importe de 41.960,43 € a favor de "Fundación Aldaba" polos servizos do dispositivo de atención á infancia e á familia durante o mes de marzo de 2012. Expte. 72315/301.

### CONTRATACIÓN

- 8.- Proposta de autorización do peche nocturno do aparcadoiro subterráneo de uso mixto da Avda. Castelao. Expte. 3816/241.
- 9.- Adxudicación do procedemento aberto para a contratación dun sistema de radiocomunicacións de voz e datos para enlaza-los diversos servizos do Concello de Vigo. Expte. 33606/212.

### DEPORTES

- 10.- Proposta de autorización ao Club Ciclista Ría de Vigo para organizar a "III Proba Open Ibérico de Ciclismo-Trofeo Concello de Vigo de Ciclismo Senior, Master e Veteranos", o vindeiro 22.04.12. Expte. 11197/333.

### DIRECCIÓN DE INGRESOS

- 11.- Modificación do importe da anualidade 2012 en dous contratos (lotes A e B) de prestación de Servizos Técnicos aos Servizos municipais de Xestión Catastral Delegada e Administración Electrónica para a realización de determinadas funcións catastrais. Expte. 1763/500.

### EMPREGO

- 12.- Recurso de reposición interposto por M<sup>a</sup> de las Nieves Vilas Piñeiro contra as bases de selección do programa "Imos Traballar 2". Expte. 8815/77.
- 13.- Proposta de nomeamento dos integrantes do órgano de selección do equipo directivo do proxecto "Imos Traballar 2". Expte. 8810/77.
- 14.- Recurso de reposición interposto por Bluecross Parafarm Vigo contra a denegación de axuda do Programa de Axudas municipais á creación de empresas, convocatoria 2011. Expte. 8516/77.
- 15.- Dar conta da relación de expediente de contrato menor tramitados polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego durante o mes de marzo de 2012. Expte. 8809/77.
- 16.- Proposta de asignación da xestión do CITIC ao servizo de Educación. Expte. 8790/77.
- 17.- Proposta de autorización á coordinadora D<sup>a</sup>. Ana María Mouriz Martínez para asistir a seminarios convocados dentro do proxecto SUM en Sofía. Expte. 8803/77.

### PATRIMONIO

- 18.- Indemnización substitutiva por importe de 180.537,37 € á empresa Limpiezas del Noroeste S.A. pola limpeza das dependencias do Concello de Vigo durante o mes de febreiro de 2012. Expte. 19467/240.
- 19.- Revisión de prezos do contrato de xestión das escolas infantís Atalaia-Teis; Costeira-Saiáns e Sta. Cristina-Lavadores, período 2012. Expte. 10715/332.

### POLICÍA LOCAL

- 20.- Dar conta dos expedientes de contrato menor realizados pola Policía Local durante o primeiro trimestre de 2012. Expte. 35599/212.

21.-Rogos e preguntas.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día 20 de abril de 2012, ás 9,00 h. en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois (10,00 h.) en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

Vigo, 18 de abril de 2012.

me.

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA  
XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.